



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE FUNDACIÓN IGUAL ARTE E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE “ASISTENCIA DE ALUMNADO DA FUNDACIÓN IGUAL ARTE A ACTIVIDADES EDUCATIVAS DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA E ARTES DO CONCELLO DE VIGO”

(Aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 21 de novembro de 2025.)

En Vigo, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, dona Elena Espinosa Mangana, terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio ambiente, Educación e Normalización Lingüística do Concello de Vigo, con CIF nº P3605700H e domicilio na praza do Rei nº 1, 36202, Vigo; na representación legal que do mesmo lle atribúe o Decreto de alcaldía de data 28/06/2024, publicado no BOPPO nº 133 de 09/07/2024.

Doutra parte, dona Cristina Lago Pérez, con D.N.I. 36143539M, en nome e representación da Fundación Igual Arte, con CIF nº G36427524 e domicilio social en rúa Palencia nº 34, 36205, Vigo; inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego co número 2003/1, na súa condición de presidenta da mesma.

E actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de goberno local do Concello de Vigo, dando fe do acto que ten lugar.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración e, a estes efectos,

EXPOÑEN

I. Que o Concello de Vigo estima que promover a participación das persoas con discapacidade nas actividades que esta administración oferta á cidadanía contribúe sobremaneira a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, en canto busca acadar a integración de todos os veciños e é conforme ao establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, recolle entre os seus principios: a equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades, que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade, de acordo co establecido na Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, ratificada en 2008 por España.

Atendendo a estes principios e dentro das medidas de fomento da educación especial, o Concello de Vigo asume a colaboración coas organizacións sen ánimo de lucro orientadas á educación e formación no ámbito da integración das persoas con discapacidade, sendo a Fundación Igual Arte unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos na nosa cidade.

II. Que a Concellería de Educación do Concello de Vigo desenvolve, a través das súas escolas municipais, actividades no ámbito da música, das artes escénicas e da creación artística e artesanal. Deste xeito, as escolas municipais EMAO (Escola municipal de artes e oficios), EMMV (Escola municipal de música de Vigo), E-TRAD (Escola municipal de música folk e tradicional), EMT (Escola municipal de teatro) e EMD (Escola municipal de danza) acollen cada curso escolar á cidadanía viguesa interesada no seu crecemento artístico e persoal mediante unha formación non regrada de calidade.

III. Que a Fundación Igual Arte ten por obxecto social, entre outros, a creación, produción e realización de proxectos culturais e, como un dos seus obxectivos fundamentais, a integración das persoas con diversidade en diferentes foros e entidades artísticas.

De conformidade co artigo 6 dos seus Estatutos, a entidade Fundación Igual Arte, ten, en xeral, por obxecto, a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, danza, teatro, plástica e arte para todos, contemplando entre os seus fins concretos, os seguintes:

- ✓ Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Crear un espazo activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Favorecer a capacidade de interrelación descubrindo outras canles de comunicación para estas persoas.
- ✓ Concienciar á sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.
- ✓ O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.
- ✓ Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.
- ✓ Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.

IV. Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre a Fundación Igual Arte e o Concello de Vigo que ten como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento de actividades de interese social, cultural e educativo acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os intervinientes, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio é establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas entidades para o desenvolvemento do proxecto de accións conxuntas que reforcen o carácter e obxectivos dos seus dispositivos de formación e creación artística.

Concretamente, o desenvolvemento do proxecto denominado **“Asistencia de alumnado da Fundación Igual Arte a actividades educativas das escolas municipais de música e artes do Concello de Vigo”** que quere permitir a participación de alumnado con discapacidade nas seguintes actividades:

- Asistencia puntual, en calidade de ouvintes, nas especialidades das outras escolas municipais de música e artes escénicas que así se determinen pola Comisión de Seguimento.
- Asistencia puntual, en calidade de ouvintes, nas especialidades de Debuxo e Ourivaría da Escola municipal de artes e oficios (EMAO)
- Asistencia puntual, en calidade de ouvintes, nas especialidades de ForAgrup da Escola municipal de música de Vigo (EMMV)
- Asistencia puntual, en calidade de ouvintes, nas especialidades de Interpretación da Escola municipal de teatro (EMT)
- Asistencia puntual, en calidade de ouvintes, nas especialidades das outras escolas municipais de música e artes escénicas que así se determinen pola Comisión de Seguimento.

Segunda. COMPROMISOS E RESPONSABILIDADES DA FUNDACIÓN IGUAL ARTE.

A Fundación Igual Arte asume os seguintes compromisos e responsabilidades:

- a) Realizar unha valoración dentro do alumnado do seu centro ocupacional para designar ás posibles persoas beneficiarias.
- b) Asumir os gastos correspondentes aos seguros de accidentes e responsabilidade civil do seu alumnado participante pola asistencia ás diferentes actividades que no marco deste convenio de colaboración se establezan.
- c) Realizar a titorización e acompañamento necesarios con cada un dos alumnos/as.
- d) Informar e asesorar a cada profesional da escola municipal que proceda sobre cada alumno participante a fin de conseguir a mellor integración na actividade e na aula.

Terceira. COMPROMISOS DO CONCELLO DE VIGO

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Educación, asume os seguintes compromisos e responsabilidades:

- a) Reunirse cos profesionais da Fundación Igual Arte para recibir a información inicial tanto de posible alumnos, como das características da súa participación nas escolas municipais.
- b) Acoller nas súas aulas e obradoiros ao alumnado indicado pola Fundación Igual Arte e validado pola Comisión de Seguimento, de xeito que, en calidade de ouvinte, poida ser partícipe da actividade que se desenvolva.

- c) O establecemento, en coordinación co persoal técnico da Fundación Igual Arte, das diferentes actividades nas que pode participar o citado alumnado.
- d) A realización das diferentes actividades que se establezan.

Cuarta. CARACTERÍSTICAS DA ACTIVIDADE

A participación de alumnado da Fundación Igual Arte nas actividades das escolas municipais do Concello de Vigo estará cinguida ao que a Comisión de Seguimento estableza para cada caso, en relación á duración, grupo, horario, frecuencia e intensidade desa participación. Como se indica na cláusula 1ª, esta participación consistirá basicamente na “asistencia puntual” ás clases ordinarias de cada escola.

Quinta. IMPACTO ECONÓMICO

Este convenio non supón un novo gasto para o Concello por canto as escolas artísticas antes citadas xa están financiadas polo Concello de Vigo, sen que a participación deste alumnado supoña un incremento do custe da xestión das escolas.

Sexta. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das entidades asinantes.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- Garantir o adecuado funcionamento da colaboración que se recolle,
- Ampliar a colaboración para a participación de alumnado do centro ocupacional de Igual Arte conforme ao clausulado deste convenio nas escolas municipais que se determinen.
- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.

A Comisión de Seguimento reunirase como mínimo unha vez ao mes, ou cando algunha das partes o solicite cun mínimo de 24 horas de antelación.

As súas reunións terán lugar na Escola Municipal de Artes e Oficios, e a maiores das dúas persoas representantes de cadansúa entidade, poderá asistir ás súas sesións, cando así se considere, o profesorado da escola e/ou persoal técnico implicados.

Sétima. PUBLICIDADE E PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE

Tanto a Fundación Igual Arte coma o Concello de Vigo poderán facer divulgación e promoción das actividades conveniadas, tanto nos medios de comunicación tradicionais, coma en redes sociais, sempre que se cite adecuadamente a natureza da colaboración e se informe previamente á outra parte.

Oitava. VIXENCIA

O presente Convenio de colaboración terá unha duración de UN ANO desde a data da súa sinatura, podendo prorrogarse por períodos anuais ata catro anos adicionais se así o acordan os asinantes do convenio antes da finalización do prazo previsto ou de cada unha das prorrogas.

Novena. EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º O acordo unánime dos asinantes.

3º O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén a Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

4º Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décima. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Cada unha das partes comprométese a cumprir, no ámbito de execución do presente Convenio, coas obrigas e deberes que respectivamente lles correspondan, de conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos Dixitais e na demais normativa vixente na materia. Os datos persoais dos asinantes, que subscriben o presente Convenio en nome e representación das Partes intervenientes, serán tratados coa finalidade de xestionar e executar o presente Convenio.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

A terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, Elena Espinosa Mangana

A secretaria de goberno local do Concello de Vigo, Susana Gallardo Fariña

A presidenta da Fundación Igual Arte, María Cristina Lago Pérez